



# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

## CEIP MARIÑAMANSA

### QUE FACEMOS?

O **Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)** do CEIP Mariñamansa ten por obxectivo principal **fomentar o uso do galego e difundir a cultura galega entre toda a comunidade educativa** que o conforma, que se define principalmente pola súa diversidade. Para acadar este fin, traballamos en colaboración con todo o persoal do centro definindo actuacións para o propio centro, para o alumnado e as súas familias e para o profesorado e persoal non docente.

No contexto do CEIP Mariñamansa, o EDLG ten unha **labor dinamizadora**, xunto cos outros equipos de coordinación docente.

Así:

- Propoñemos actividades para desenvolver tanto dentro de cada aula como implicando a todo o alumnado.
- Facilitamos materiais de traballo en galego para as aulas.
- Recompilamos e difundimos iniciativas e cultura galega que poden ser de interese para profesorado, alumnado e familias.
- Promovemos o uso oral e escrito do galego en todos os ámbitos da vida do centro.

Na web do centro colgamos periodicamente información relacionada coa nosa labor, que pode consultarse neste enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmarinamansa/taxonomy/term/53>




## CON QUE RECURSOS CONTAMOS?


Os **recursos** dos que dispoñemos como EDLG son tanto humanos como materiais.

En canto a recursos **humanos**, contamos coa globalidade da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias e persoal non docente), así como coas entidades externas de apoio á nosa labor (como a Dirección Xeral de Política Lingüística).

En canto a recursos **materiais**, consideramos todos os de uso cotiá na vida do centro: espazos exteriores para a organización de actividades (patios cubertos, ximnasio...), aula de informática dotada con ordenadores con conexión a internet e pizarra dixital, biblioteca escolar e bibliotecas das aulas, sala de profesorado e aulas para as reunións, tableiro de anuncios, fotocopiadora e plastificadora, materiais de traballo achegados por diferentes institucións (recompilados tanto en papel como en dixital –poden consultarse en <https://drive.google.com/drive/folders/1PgXLsynsLTB8UPx3GRINpQk0OfsnCEoH?usp=sharing> -), etc.



Tableiro do EDLG



Materias a disposición do profesorado



*Aula de informática*



*Biblioteca escolar*



*Bibliotecas de aula*



## QUEN SOMOS?

Neste **curso 2020-2021**, os integrantes do EDLG no CEIP Mariñamansa somos:

- María Consuelo Fernández Dibuja (Lingua estranxeira, inglés).
- Carla Susana dos Santos Ribeiro (Lingua e Cultura Portuguesa).
- María Luz Calviño Rodríguez (Educación Primaria).
- Cristina Vispo Seoane (Educación Infantil).
- Iria Isabel Pérez Abelleira (coordinadora).



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

Máis información sobre os EDLG no Portal da Lingua Galega:

[https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega.](https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega)